



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL






Cuarto trimestre de 2019

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2019

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 4,8% no cuarto trimestre de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España o aumento foi do 2,3%. O custo laboral total en Galicia é de 2.533,47 euros, 221,68 euros inferior á media nacional (2.755,15 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 4,4% no cuarto trimestre de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 1,8%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.896,21 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.075,43 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta o 4,2% en Galicia no cuarto trimestre do ano e o 2,0% en España.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Galicia, Aragón e Extremadura.
- A xornada semanal media pactada é de 34,7 horas semanais en Galicia e de 34,3 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2019			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 4,8	Custo total	2.533,47	4,8
 3,3	Custo salarial total	1.896,21	4,4
	Outros custos	637,26	5,9
 1,1	Cotizacións obrigatorias	588,03	4,8
 0,4	Percepcións non salariais	63,06	17,2
 0,0	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	13,83	3,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acaba os 2.533,47 euros no cuarto trimestre de 2019, co que aumenta un 4,8% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 2,3% e supera en 221,68 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acaba os 1.896,21 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 4,4%. En España, o custo salarial aumenta un 1,8%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 5,7% en Galicia, acadando os 1.578,46 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.702,41 euros, cun incremento do 2,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 637,26 euros en Galicia, co que se incrementan un 5,9%; en España aumentan un 4,0%, ata os 679,72 euros. O incremento dos Outros custos en Galicia ven motivado polo aumento do 4,8% das Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e do 17,2% das percepcións non salariais.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores económicos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 3,6% debido principalmente ao incremento do 3,7% do Custo salarial total. Os Outros custos crecen un 3,6%, cun incremento das cotizacións obrigatorias (3,4%) e das percepcións non salariais (4,3%).

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	3.186,0	3,6
	Custo salarial total	2.429,9	3,7
	Outros custos	756,2	3,6
	Cotizacións obrigatorias	714,6	3,4
	Percepcións non salariais	56,7	4,3
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	15,1	-0,7

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 7,9% do Custo total na **Construción** ven motivado principalmente polo incremento do Custo salarial total (8,6%). Os Outros custos aumentan un 6,3%, cun crecemento tanto das cotizacións obrigatorias (5,6%) como das percepcións non salariais (12,3%).

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.786,3	7,9
	Custo salarial total	1.976,5	8,6
	Outros custos	809,8	6,3
	Cotizacións obrigatorias	693,1	5,6
	Percepcións non salariais	131,9	12,3
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	15,1	27,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 5,0%. O Custo salarial total crecen un 4,4% e os Outros custos un 6,8%.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
5,0	Custo total	2.354,3	5,0
3,3	Custo salarial total	1.761,3	4,4
1,2	Outros custos	593,0	6,8
0,5	Cotizacións obrigatorias	548,1	5,3
0,0	Percepcións non salariais	58,2	22,4
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	13,4	2,8

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 290 euros á media nacional; na Construción a diferenza é menor, en torno aos 80 euros.

3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2019, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,7 horas semanais, e destas, pérdense 5,4 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,3 horas, das que se perden 5,1 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,5 horas semanais en Galicia e 29,4 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 4,2% e en España o 2,0%.


**Custo laboral por hora efectiva.
Cuarto trimestre de 2019**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,8	4,2
Custo salarial total	14,8	3,9
Outros custos	5,0	5,3
España		
Custo laboral total	21,6	2,0
Custo salarial total	16,2	1,4
Outros custos	5,3	3,7

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 4,7% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Galicia (4,8%), Aragón (4,5%) e Extremadura (4,2%). As comunidades con menor incremento foron Canarias (0,2%) e Castilla - La Mancha e Madrid (ambas 0,8%).

Custo laboral total. 4º trimestre de 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.533,47	4,8	3.186,04	3,6	2.786,32	7,9	2.354,28	5,0
Custo salarial total	1.896,21	4,4	2.429,85	3,7	1.976,50	8,6	1.761,32	4,4
Custo salarial ordinario	1.578,46	5,7	1.854,72	4,7	1.630,55	8,6	1.507,66	5,9
Outros custos	637,26	5,9	756,19	3,6	809,82	6,3	592,96	6,8
Cotizacións obrigatorias	588,03	4,8	714,61	3,4	693,06	5,6	548,12	5,3
Percepcións non salariais	63,06	17,2	56,69	4,3	131,89	12,3	58,24	22,4
Subvencións e bonificacións	13,83	3,5	15,12	-0,7	15,13	27,5	13,40	2,8
España								
Custo laboral total	2.755,15	2,3	3.291,96	1,2	2.867,98	2,4	2.651,13	2,6
Custo salarial total	2.075,43	1,8	2.466,09	0,7	2.084,98	2,3	2.005,15	2,0
Custo salarial ordinario	1.702,41	2,0	1.957,99	1,2	1.650,98	1,5	1.660,73	2,3
Outros custos	679,72	4,0	825,87	2,8	783,00	2,6	645,98	4,5
Cotizacións obrigatorias	625,98	4,0	759,11	2,7	707,32	2,5	596,20	4,5
Percepcións non salariais	70,48	3,6	84,10	2,1	87,54	-1,1	66,78	4,4
Subvencións e bonificacións	16,74	1,9	17,34	-2,0	11,85	-23,0	17,00	4,4

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	19,8	4,2	22,9	3,2	20,1	8,3	18,9	4,2
Custo salarial total	14,8	3,9	17,4	3,1	14,2	9,0	14,1	3,7
Custo salarial ordinario	12,3	5,1	13,3	4,2	11,7	9,0	12,1	5,1
Outros custos	5,0	5,3	5,4	3,2	5,8	6,6	4,8	6,0
España								
Custo laboral total	21,6	2,0	23,8	1,1	20,2	1,8	21,2	2,3
Custo salarial total	16,2	1,4	17,8	0,7	14,7	1,7	16,1	1,6
Custo salarial ordinario	13,3	1,7	14,1	1,1	11,6	1,0	13,3	1,9
Outros custos	5,3	3,7	6,0	2,6	5,5	2,0	5,2	4,2

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Cuarto trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	29,5	5,4	32,1	6,3	31,9	6,6	28,6	5,1
Tempo completo	32,9	6,1	32,1	6,5	32,6	6,8	32,9	6,0
Tempo parcial	17,1	2,8	19,3	4,0	18,9	2,6	16,9	2,6
España								
Ambas xornadas	29,4	5,1	31,8	6,1	32,6	5,2	28,7	4,9
Tempo completo	33,1	5,9	33,1	6,4	33,9	5,5	33,0	5,8
Tempo parcial	17,7	2,7	18,8	2,9	18,4	2,1	17,7	2,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2019

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.755,2	108,4	2,3	21,6	109,1	2,0
Andalucía	2.420,0	105,6	3,6	19,1	106,2	2,5
Aragón	2.715,3	112,4	4,5	22,0	114,7	5,5
Asturias	2.841,7	110,5	3,1	22,9	112,4	3,9
Balears, Illes	2.757,4	115,8	1,2	21,0	117,7	1,6
Canarias	2.309,6	106,9	0,2	17,7	107,2	0,8
Cantabria	2.665,9	109,7	2,4	21,1	113,9	4,0
Castilla y León	2.480,0	106,7	1,7	19,8	107,2	2,0
Castilla-La Mancha	2.419,0	107,0	0,8	19,1	107,9	0,8
Cataluña	2.967,9	110,3	3,0	23,3	111,2	3,5
Comunitat Valenciana	2.433,7	107,5	2,6	19,2	107,9	0,9
Extremadura	2.316,3	110,4	4,2	18,7	112,1	4,2
Galicia	2.533,5	112,7	4,8	19,8	113,7	4,2
Madrid	3.189,4	106,0	0,8	24,1	106,3	-0,4
Murcia	2.444,1	105,5	1,2	19,2	106,6	1,2
Navarra	3.093,8	116,5	3,6	25,0	116,3	3,9
País Vasco	3.258,0	110,5	1,5	26,3	108,6	2,0
Rioja, La	2.533,5	108,3	2,0	20,4	110,1	4,8

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2019

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.075,4	109,4	1,8	16,2	110,0	1,4
Andalucía	1.801,6	106,2	3,2	14,2	106,8	2,0
Aragón	2.042,1	113,9	4,3	16,5	116,2	5,4
Asturias	2.151,9	111,5	3,5	17,3	113,4	4,3
Balears, Illes	2.066,5	117,5	0,6	15,8	119,3	1,0
Canarias	1.708,8	107,5	-1,0	13,1	107,7	-0,4
Cantabria	2.014,8	111,5	2,5	15,9	115,8	4,1
Castilla y León	1.851,6	107,8	1,1	14,8	108,2	1,3
Castilla-La Mancha	1.791,5	107,2	0,1	14,2	108,2	0,2
Cataluña	2.246,2	111,4	2,7	17,6	112,4	3,2
Comunitat Valenciana	1.812,7	107,6	1,7	14,3	108,0	0,0
Extremadura	1.733,3	111,3	3,0	14,0	113,0	3,1
Galicia	1.896,2	114,6	4,4	14,8	115,6	3,9
Madrid	2.444,8	107,3	0,3	18,5	107,5	-0,9
Murcia	1.830,8	106,2	0,6	14,4	107,3	0,6
Navarra	2.339,1	119,0	3,0	18,9	118,8	3,4
País Vasco	2.444,0	110,9	0,2	19,8	109,0	0,8
Rioja, La	1.910,4	109,0	1,7	15,4	111,0	4,4

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2019

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	679,7	105,6	4,0	5,3	106,2	3,7
Andalucía	618,3	103,9	5,0	4,9	104,7	4,0
Aragón	673,2	108,2	5,2	5,4	110,3	6,0
Asturias	689,7	107,4	1,8	5,6	109,3	2,6
Balears, Illes	690,9	110,9	3,1	5,3	113,1	3,5
Canarias	600,8	105,3	3,7	4,6	105,5	4,3
Cantabria	651,0	104,7	2,1	5,2	108,6	3,8
Castilla y León	628,4	103,8	3,7	5,0	104,4	3,9
Castilla-La Mancha	627,5	106,4	2,7	5,0	107,1	2,7
Cataluña	721,7	107,0	4,0	5,7	107,8	4,4
Comunitat Valenciana	620,9	107,1	5,4	4,9	107,5	3,6
Extremadura	583,0	108,0	7,8	4,7	109,5	7,8
Galicia	637,3	107,4	5,9	5,0	108,3	5,3
Madrid	744,7	102,1	2,3	5,6	102,4	1,3
Murcia	613,3	103,5	3,3	4,8	104,6	3,2
Navarra	754,6	109,5	5,4	6,1	109,3	5,7
País Vasco	813,9	109,4	5,4	6,6	107,3	6,0
Rioja, La	623,0	105,9	3,2	5,0	107,5	5,9

Fonte: INE